

## **A SOCIEDADE GALEGA DE MEDICINA INTENSIVA E UNIDADES CORONARIAS (SOGAMIUC) FAI UN CHAMAMENTO AO CUMPRIMENTO DAS RESTRICCIÓNS DECRETADAS POLA XUNTA DE GALICIA.**

Advirten que existe risco real de que, se non se respectan as restriccións, as UCI se colapsen.

“As medidas da Xunta son adecuadas porque nos estamos anticipando. Non se pode titubear, isto é algo moi serio. Non se podía esperar máis. Xa non hai marxe”, sinala o presidente do colectivo, o doutor Rascado.

### **O OBXECTIVO DAS RESTRICCIÓNS É O DE SALVAR VIDAS**


- A día de hoxe a ocupación de camas de UCI xa é a metade da que houbo no pico máximo na primeira vaga da pandemia.
- Hai que cortar a transmisión do virus antes de que chegue aos hospitais Hai que comprender que unha porcentaxe destes pacientes chegarán ás UCI, que ademáis adoitan ter estancias prolongadas.
- Dende a Sociedade Galega de Medicina Intensiva e Unidade Coronaria agradecen o esforzo á cidadanía e faise un chamamento sobre a importancia de respectar as medidas para evitar a propagación do virus

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020.-

Temos que evitar a sobrecarga de traballo e o colapso das Unidades de Cuidados Intensivos. Atender a un paciente na UCI non é so poñer unha cama, é poñer mais persoal, tanto médicos como de enfermería e iso “non se pode extender ata o infinito”, subraía o presidente do colectivo, o doutor Pedro Rascado. “Aínda que teñamos cama para todos os pacientes COVID, unha sobrecarga suporía deixar de atender a outros pacientes”.

A Xunta directiva do colectivo comprende que as medidas restrictivas son duras, pero absolutamente necesarias, senon queremos aprazar máis operacións cirúrxicas ou deixar de atender consultas programadas.

Cómpre destacar que a día de hoxe a ocupación de camas nas UCI é a metade da que houbo no pico máximo na primeira vaga da pandemia. A presión asistencial, crecente dende hai semanas, obriga a seguir endurecendo as medidas, para anticipar e evitar así chegar aos números de ocupación hospitalaria como os alcanzados no mes de abril.



De continuar esta progresión podería chegarse á sobrecarga nos hospitais, que ademais de atender pacientes por coronavirus, teñen que seguir ofrecendo coidados ao resto de doentes con outras patoloxías. Hai que ter en conta que, hai un ano, todas as camas tanto de planta como de uci eran para pacientes con outras patoloxías que nada tiñan que ver coa covid-19.

Non só é o estrés do sistema, senon o estrés do persoal, que xa o vivimos na primeira onda. O número de especialistas é limitado, e tamén hai que lembrar que o persoal de enfermería é especializado, e todos temos que atender a calquera paciente que chegue á UCI.

“Entendemos que a xente está cansa das restriccións porque a maioría o está facendo ben, pero os que non cumpren están a poñer en perigo a toda a poboación”. Semella que na primeira onda a maioría estaba máis conciencizada, tiñamos menos coñecemento, pero hai que lembrar que o virus segue ahí, e seguirá, polo que nos hospitais debemos estar preparados. Agora sabemos mais, e non cabe dúbida de que temos que seguir as medidas hixiénico-sanitarias.

“Os que están cumprindo as medidas, deben seguir facéndoo, e os que pensan que esto se va a arranxar sen máscaras, sen distancia social, sen cumprir as restriccións, que se esquezan, iso non vai a ocorrer, e están a poñer en risco a todos”.

Por iso, facemos unha chamamento a cidadanía para cumbran, que axuden a eses mesmos sanitarios que hai uns poucos meses aplaudían dende os seus balcóns. Queremos atender de maneira axeitada a todos os pacientes, COVID e non COVID.